

Servizo de Patrimonio Documental e
Bibliográfico BIBLIOTECA

**Normas xerais de préstamo e reprodución de
documentos**

Os materiais que se soliciten á biblioteca deberán ter a finalidade de uso persoal de consulta e investigación de quen os solicita e calquera outro uso estará condicionado polas disposicións legais vixentes.

PRÉSTAMO

Quedan restrinxidas da modalidade de préstamo a domicilio as publicacións periódicas, as obras de acceso directo, os recursos electrónicos e todas as monografías impresas anteriores ao ano 1958 ou aquelas posteriores a esa data que fosen excluídas da modalidade de préstamo atendendo a criterios de carácter técnico.

O prazo dos préstamos a domicilio será con carácter xeral de 10 días, excepto no caso dos temarios con sinatura OPO ou aquel outros libros que puntualmente sexan incluídos nunha lista bibliográfica relacionada con procesos selectivos en curso e que terán un prazo de préstamo de 3 días.

REPRODUCCIÓN

A reprodución estará exclusivamente limitada á finalidade de **investigación** e rexerese polas normas internas da biblioteca en atención á conservación dos documentos establecéndose o sistema máis adecuado en atención á súa realidade. Como norma xeral, non se permitirán reproducións de máis de 20 páxinas dunha mesma publicación e en ningún caso máis do 20% da totalidade da obra.

No caso dunha publicación citarase a procedencia dos documentos e procurarase achegar testemuño do traballo resultante.